

Orde do 24 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a produción de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega.

A Consellería de Cultura e Deporte, no exercicio das súas competencias de fomento do audiovisual galego, consciente da importancia de establecer liñas de apoio para facilitar a emerxencia do talento, propónse realizar un programa que aposte pola aparición de novos/as creadores/as audiovisuais en Galicia, así como a promoción de novas estéticas narrativas ou experimentais de decidido contido artístico e cultural, co propósito de contribuír á promoción da diversidade cultural e ao desenvolvemento de novas formas de expresión audiovisual dentro do noso país.

Mediante esta orde, a Consellería de Cultura e Deporte, en colaboración con outros organismos como a Secretaría Xeral para a Igualdade e a Dirección Xeral de Xuventude, establece as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións para a produción de curtametraxes en versión orixinal galega - entendendo como tal a rodaxe/gravación en lingua galega -co obxectivo de estimular a creación de novos/as profesionais da industria audiovisual galega e contribuír ao cumprimento das tarefas que a Lei do audiovisual atribúe ao sector na normalización da lingua galega. Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e partida orzamentaria.

Por esta orde establécense as bases reguladoras e convócanse para o ano 2006 subvencións, en réxime de concorrencia competitiva para apoiar a realización de proxectos de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega. Para as devanditas subvención resérvase a cantidade de 514.000 euros que se imputarán ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 12.02.353B.770.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Esta convocatoria acóllese ao disposto no Regulamento 69/2001, da comisión, do 12 de xaneiro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de mínimos.

Artigo 2º.-Tipos de proxectos.

Serán obxecto de subvención os proxectos de curtametraxes gravados en versión orixinal galega -ficción ou documental- cunha duración inferior a trinta minutos, nas seguintes modalidades:

Modalidade A: curtametraxes en soporte cinematográfico. Esta modalidade abrangue as producións cinematográficas realizadas por produtoras audiovisuais. A axuda máxima por proxecto sitúase nos 12.000 euros.

Modalidade B: curtametraxes de animación. Esta modalidade abrangue as producións cinematográficas de animación realizadas por produtoras audiovisuais. A axuda máxima por proxecto fíxase en 30.000 euros.

Modalidade C: curtametraxes de produción en soporte dixital. Esta modalidade vai dirixida a creadores/as individuais que realicen proxectos gravados en soporte dixital. Poden ser de ficción, animación ou documental, cunha axuda máxima por proxecto de 6.000 euros e quedan distribuídos en catro categorías:

1) Curtametraxes producidas en soporte dixital. A temática e o modo de produción serán libres.

2) Curtametraxes dirixidas ou guionizadas por mulleres. Mínimo de catro proxectos producidos/dirixidos e/ou guionizados por mulleres ou cunha maioritaria participación feminina no equipo técnico-artístico.

3) Curtametraxes dirixidas ou guionizadas por mozos/as menores de 21 anos. Mínimo de catro proxectos dirixidos e/ou guionizados por menores de 21 anos (director/a, guionista e produtor/a).

4) Curtametraxes sobre a memoria histórica. Mínimo de dez proxectos de temática relacionada coa recuperación da memoria histórica en Galicia.

Modalidade D: producións innovadoras ou experimentais. Serán obxecto desta modalidade aqueles proxectos e obras experimentais de decidido contido artístico e cultural que polas súas especiais características se consideren de difícil financiamento. A axuda máxima por proxecto ascende a 15.000 euros. A esta modalidade poderán presentarse tanto empresas como creadores/as individuais.

Cada proxecto deberá estar inscrito nunha soa categoría ou modalidade e estas non poderán ser acumulables.

Artigo 3º.-Beneficiarios/as.

Poderán optar a estas subvencións tanto persoas físicas naturais ou residentes en Galicia nos dous anos anteriores á data desta convocatoria, como produtoras audiovisuais independentes legalmente constituídas como tales, con domicilio social e fiscal en Galicia. No caso de produtoras cinematográficas deberán estar inscritas como produtoras audiovisuais no Rexistro de Empresas do Sector Audiovisual de Galicia ou, en tanto este non se constituía, no Rexistro de Empresas do Instituto de Cinematografía e Artes Audiovisuais do Ministerio de Cultura (ICAA).

Por produtor independente enténdese, para os efectos desta convocatoria, toda persoa física ou xurídica privada que teña a iniciativa e asuma a responsabilidade na produción audiovisual e non sexa obxecto de influencia dominante por parte das entidades de radiodifusión televisiva por razóns de propiedade, participación financeira ou das normas que

regulan a súa actuación empresarial. Entenderase que existe influencia dominante nos supostos previstos no artigo 3 da Lei 25/1994, de incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 89/522CEE, sobre da coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros, relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas a través doutras administracións públicas, supere o custo total do orzamento da curtametraxe.

Artigo 4º.-Motivos de exclusión.

Non poderán acceder ás subvencións os/as solicitantes que se encontren afectados/as por algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Así mesmo quedan excluídos/as aqueles/as solicitantes que, para o mesmo proxecto, fosen xa beneficiarios/as no ano 2005 dunha subvención para a produción audiovisual das convocadas anteriormente pola Consellería de Cultura e incumprisen as bases ou a finalidade establecida na súa convocatoria.

Artigo 5º.-Presentación de solicitudes e documentación.

1. As solicitudes faranse mediante instancia dirixida á conselleira de Cultura e Deporte, segundo os modelos que figuran como anexos I e II desta orde, e presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Cultura e Deporte ou nos rexistros das delegacións provinciais, sen prexuízo dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación administrativa:

1º No caso de solicitudes presentadas por persoas físicas achegarase a seguinte documentación:

a) Copia cotexada do DNI do/a solicitante que actuará como representante legal.

b) Certificado de residencia ou empadramento en Galicia do director/a, guionista e produtor/a nos dous anos anteriores á data da publicación desta convocatoria.

2º No caso de solicitudes presentadas por persoas xurídicas achegarase a documentación seguinte:

a) Copia cotexada do DNI do/a representante ou solicitante e acreditación suficiente da representación que exerza mediante poder notarial debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

b) Copia cotexada da documentación acreditativa da constitución legal da empresa, do seu domicilio social en Galicia e da súa inscrición no Rexistro Mercantil.

c) Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal.

d) Documentación cotexada e acreditativa da inscrición correspondente no Rexistro de Empresas do Sector Audiovisual de Galicia ou no Rexistro de Empresas do Instituto de Cinematografía e Artes Audiovisuais.

e) Documento cotexado acreditativo de estar ao día no pagamento do imposto de actividades económicas, ou acreditación da exención no pagamento do citado imposto.

f) Declaración responsable de ser empresa de produción independente, ter sede permanente en Galicia e non ser obxecto de influencia dominante por parte de entidades de radiodifusión televisiva por razóns de propiedade, participación financeira ou as normas que regulan o seu funcionamento, conforme o establecido no artigo 3º desta orde.

3º Tanto para persoas físicas como xurídicas, achegarase:

a) Documentación cotexada e acreditativa de que o proxecto é obra orixinal e/ou posuír os dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles.

b) Declaración de solicitudes efectuadas ou subvencións concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas, organismos ou ente público ou privado.

3. Ademais da documentación anterior, achegaranse seis exemplares encadernados da seguinte documentación técnica

a) Memoria explicativa do proxecto, cunha extensión mínima de cinco páxinas.

b) Sinopse do proxecto, cunha extensión máxima de dúas páxinas.

c) Guión definitivo da produción.

d) Calendario do proxecto e plano de produción.

e) Orzamento do proxecto segundo o modelo oficial do ICAA (<http://www.mcu.es/atencion/NEST/impresos/presupuestoword.doc>).

f) Plano de financiamento do proxecto, con expresión das contribucións doutras entidades, organismos ou institucións e documentalmente acreditado.

g) Currículo do equipo técnico-artístico.

h) Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.

i) Calquera outra documentación que o/a solicitante estime pertinente para a mellor defensa do proxecto.

Artigo 6º.-Prazo de presentación e tramitación de solicitudes

1. As solicitudes deberán presentarse, segundo os modelos que figuran nos anexos I e II, no prazo de

corenta días contados a partir do día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. A Dirección Xeral de Creación e Difusión da Consellería de Cultura e Deporte tramitará as solicitudes e instruírá os procedementos necesarios para a concesión da subvención.

3. A presentación da solicitude suporá a autorización ao órgano xestor para solicitar dos organismos competentes os certificados de que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole, estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos ao interesado/a.

Artigo 7º.-Comisión de expertos/a.

Para a avaliación dos proxectos presentados constituirase un comité de expertos/as independentes nomeados pola conselleira de Cultura e Deporte.

O Comité de Avaliación estará presidido polo director xeral de Creación e Difusión Cultural e del formarán parte catro vogais, profesionais de recoñecido prestixio nas diferentes áreas e funcións da industria audiovisual. Actuará como secretario un funcionario da Consellería de Cultura e Deporte, con voz e sen voto. Os membros das comisións de expertos/as declararán por escrito non ter relación cos solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes na correspondente convocatoria anual.

As decisións do comité de expertos/as terán carácter vinculante e asignarán cantidades específicas para cada proxecto en función das súas características e posibilidades de financiamento. A comisión de expertos/as elevará a proposta de resolución, debidamente motivada, á conselleira de Cultura e Deporte, quen resolverá, poñendo fin á vía administrativa.

Artigo 8º.-Criterios de avaliación.

A comisión de expertos/as valorará axeitadamente os seguintes aspectos:

- a) A calidade, creatividade e orixinalidade do proxecto (máximo 10 puntos).
- b) A contribución ao desenvolvemento dos valores culturais de Galicia e á construción dun audiovisual con mirada propia (máximo 10 puntos).
- c) O grao de elaboración e desenvolvemento do proxecto (máximo 10 puntos).
- d) A utilización de recursos do sector audiovisual galego (persoal artístico, técnico e de servizos), así como a rodaxe/gravación na comunidade autónoma (máximo 10 puntos).
- e) A viabilidade do proxecto: axuste entre o proxecto e o orzamento, e cobertura do financiamento (máximo 10 puntos).

Artigo 9º.-Resolución.

Para os efectos establecidos no artigo 42.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes aos proxectos contemplados nesta orde será de catro meses, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria. De non notificarse resolución favorable neste prazo, entenderase desestimada a petición correspondente, podendo interpoñerse no prazo dun mes, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a conselleira de Cultura e Deporte, previo ao recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, na forma e no prazo previsto no artigo 46 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 10º.-Prazo de aceptación.

Notificada a resolución de subvención, os/as beneficiarios/as deberán manifestar por escrito a súa aceptación, comprometéndose a executar os proxectos subvencionados no prazo e condicións establecidos. Para a aceptación deberá empregarse o modelo que figura como anexo III desta orde.

De non recibirse a aceptación no prazo de dez días naturais a partir da notificación, entenderase que o/a beneficiario/a renuncia á subvención concedida e procederase, sen máis trámite, ao arquivo do expediente.

Artigo 11º.-Pagamento da subvención.

1. O cincuenta por cento da subvención farase efectiva a partir da notificación e aceptación da concesión. Para recibir o primeiro libramento deberá presentarse:

- a) Declaración asinada de aceptación da subvención.
- b) Declaración asinada do conxunto de subvencións obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público ou privado.
- c) Certificados orixinais e actuais que acrediten estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social, non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais. As ditas certificacións deberán ser expedidas para os efectos de subvención.
- d) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta onde se debe realízar o pagamento, na que conste: ordinal bancario, código de banco, código da sucursal e código da conta corrente.

2. O cincuenta por cento restante, tras cumprir os requisitos enumerados no artigo 13º.

Artigo 12º.-Obrigas do/da beneficiario/a.

1. Os/As beneficiarios/as das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados/as a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. As producións subvencionadas deberán axustarse fielmente ao proxecto presentado. Calquera alteración relevante do proxecto ou modificación nos responsables do equipo técnico e/ou nos papeis protagonistas do elenco artístico, deberá ser notificada con anterioridade á Consellería de Cultura e Deporte, que adoptará as medidas que considere procedentes. A Consellería de Cultura e Deporte poderá realizar as oportunas comprobacións para o mellor coñecemento da efectiva realización do proxecto obxecto de subvención.

2. Os/as beneficiarios/as deberán comunicarlle á Consellería de Cultura e Deporte a data de iniciación e finalización da rodaxe ou gravación da produción subvencionada nun prazo non inferior aos quince días anteriores ou posteriores ás datas de referencia.

3. Nos títulos de crédito iniciais da produción deberá figurar en cartón único: «Coa axuda da Consellería de Cultura e Deporte», seguindo a normativa de imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, nas curtametraxes dirixidas ou guionizadas por mulleres deberá figurar ademais noutro cartón único: «Coa axuda da Secretaría Xeral de Igualdade». Nas curtametraxes realizadas por menores de 21 anos, «Coa axuda da Dirección Xeral de Xuventude». En todos os materiais de promoción e publicidade, farase constar que a produción foi subvencionada pola Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Igualdade ou a Dirección Xeral de Xuventude, segundo proceda.

4. Antes do 31 de outubro de 2006, o/a beneficiario/a deberá entregar dúas copias definitivas da produción subvencionada, no formato final elixido na solicitude. As copias estarán en perfecto estado, podendo ser utilizadas pola Consellería de Cultura e Deporte para a súa conservación e uso con fins culturais e de promoción do audiovisual galego. En todo caso, e para estes fins, a Consellería de Cultura e Deporte, a Secretaría Xeral de Igualdade e a Dirección Xeral de Xuventude, poderán realizar cantas copias consideren precisas.

5. O/A beneficiario/a estará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Artigo 13º.-Xustificación do investimento.

O/A beneficiario/a recibirá o cincuenta por cento restante da subvención tras presentar, perante a Consellería de Cultura e Deporte, a documentación xustificativa da realización da produción audiovisual subvencionada e dos gastos subvencionables, tendo de prazo até o 30 de novembro de 2006.

1. Para documentar a realización do proxecto, os/as interesados/as deberán achegar a certificación da entrega da produción audiovisual expedida pola Consellería de Cultura e Deporte.

2. Para xustificar os gastos subvencionables, os/as interesados/as haberán de achegar por exemplar duplicado separadamente (caderno de copias compulsadas e caderno de copias simples).

a) Relación numerada e ordenada por capítulos de gastos que inclúan o número de factura, o emisor, a suma parcial (folla por folla) e a suma do total da relación de gastos, excluído o IVE.

b) Facturas relativas aos gastos subvencionables de acordo coa resolución de concesión e nos termos expresados no orzamento presentado, excluído o IVE. Presentaranse coa mesma orde de capítulos e co mesmo número ordinal que o asignado na relación numerada no punto (a).

3. Así mesmo, os/as interesados/as deberán achegar orixinal e copia da declaración complementaria do conxunto de subvencións obtidas e/ou solicitadas para o mesmo proxecto en calquera outra Administración, organismo ou ente público ou privado. No caso de ser beneficiario/a dalgunha axuda ou subvención para a mesma actuación, deberá achegarse a documentación necesaria para a súa valoración para os efectos da súa concorrencia coa subvención concedida.

Artigo 14º.-Modificación ou perda da subvención.

A alteración substancial das condicións definitivas do proxecto consideradas para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais que non estivesen recollidas no plano de financiamento presentado en cumprimento do artigo 5º.3 desta orde, poderá dar lugar á modificación proporcional da subvención concedida.

Artigo 15º.-Reintegro.

Procederá o reintegro, total ou parcial da subvención concedida e dos xuros de mora que se teña dereito a percibir desde o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos previstos no artigo 78.10º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Disposición derradeira

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conselleira de Cultura e Deporte

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA A PRODUCCIÓN DE CURTAMETRAXES EN VERSIÓN ORIXINAL EN LÍNGUA GALEGA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO CD207F	DOCUMENTO SOLICITUDE PARA EMPRESAS
--	---	--

DATOS DA EMPRESA SOLICITANTE

EMPRESA		CIF / NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E na súa representación:

APELIDOS	NOME	DNI	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

TÍTULO DO PROXECTO	ORZAMENTO DO PROXECTO		
FORMATO GRAVACIÓN / RODAXE	FORMATO FINAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA	
TIPO DE PROXECTO			
<input type="checkbox"/> Modalidade A: Produción curtametraxe ficción ou documental <input type="checkbox"/> Modalidade B: Produción curtametraxe de animación <input type="checkbox"/> Modalidade C: Produción de obras innovadoras ou experimentais.			

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<p>DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (1 EXEMPLAR)</p> <p>a) Copia cotexada do DNI do/da representante ou solicitante e acreditación suficiente da representación que exerza mediante poder notarial debidamente inscrito no rexistro mercantil.</p> <p>b) Copia cotexada da documentación acreditativa da constitución legal da empresa, do seu domicilio social en Galicia e da súa inscrición no rexistro mercantil.</p> <p>c) Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal.</p> <p>d) Documentación cotexada e acreditativa da inscrición correspondente no rexistro de empresas do sector audiovisual de Galicia ou no Rexistro de Empresas do Instituto de Cinematografía e Artes Audiovisuais.</p> <p>e) Documento cotexado acreditativo de estar ao día no pagamento do imposto de actividades económicas ou acreditación da exención no pagamento do citado imposto.</p> <p>f) Declaración subscria polo/a solicitante de que o proxecto é obra orixinal e/ou de posuír os dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles.</p> <p>g) Declaración de solicitudes efectuadas ou axudas concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas, organismo ou ente público ou privado.</p> <p>h) Declaración responsable de ser empresa de produción independente, conforme o establecido no artigo 3 desta orde.</p>	<p>DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (6 EXEMPLARES)</p> <p>Memoria explicativa do proxecto.</p> <p>Sinopse argumental.</p> <p>Guión definitivo da produción.</p> <p>Calendario do proxecto e plano de produción.</p> <p>Orzamento do proxecto segundo modelo oficial do Ministerio de Cultura.</p> <p>Plano de financiamento, con expresión das contribucións doutras entidades, organismos ou institucións e documentalmente acreditado.</p> <p>Curriculo do equipo técnico-artístico</p> <p>Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.</p>
--	---

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 24 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a produción de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOÁ QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 2006

(A cubrir por la Administración)		Nº. DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

PROCEDEMENTO <i>SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PRODUCCIÓN DE CURTAMETRAXES EN VERSIÓN ORIXINAL EN LÍNGUA GALEGA</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <i>CD207F</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE PARA PERSOAS INDIVIDUAIS</i>
--	--	--

DATOS DO/DA SOLICITANTE (INDIVIDUAL)

APELIDOS	NOME	NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

DATOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA

TÍTULO DO PROXECTO		
ORZAMENTO DO PROXECTO	FORMATO FINAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
TIPO DE PROXECTO: PRODUCCIÓN EN SOPORTE DIXITAL		
Modalidades C e D: <input type="checkbox"/> Curtametraxes en soporte dixital. <input type="checkbox"/> Ficción. <input type="checkbox"/> Creadores menores de 21 anos. <input type="checkbox"/> Documental. <input type="checkbox"/> Curtametraxes guionizadas/dirixidas por mulleres. <input type="checkbox"/> Animación. <input type="checkbox"/> Curtametraxes sobre a memoria histórica. <input type="checkbox"/> Experimental. <input type="checkbox"/> Producción de obras innovadoras ou experimentais.		

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (1 EXEMPLAR) a) Fotocopia do DNI do/da solicitante que actuará como representante legal. b) Declaración subscrita polo/a solicitante de que o proxecto é obra orixinal e/ou de posuír os dereitos suficientes do guión, obra literaria ou calquera outro medio que requira a obtención de dereitos ou opción de compra sobre eles. c) Certificado de empadramento do/da director/a, guionista e produtor/a con residencia en Galicia, como mínimo, nos dous anos anteriores á data da publicación desta convocatoria. d) Declaración de solicitudes efectuadas ou axudas concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas, organismo ou ente público ou privado.	DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (6 EXEMPLARES) Memoria explicativa do proxecto. Sinopse argumental. Guión definitivo da produción. Calendario do proxecto e plano de produción. Orzamento do proxecto segundo modelo oficial do Ministerio de Cultura. Plano de financiamento, con expresión das contribucións doutras entidades, organismos ou institucións e documentalmente acreditado. Currículo do equipo técnico-artístico Declaración que especifique a lingua orixinal de rodaxe/gravación.
---	--

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 24 de marzo de 2006 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a produción de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOXA QUE O REPRESENTA _____ de _____ de 200

(A cubrir pola Administración)		Nº. DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO III

ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

O/A solicitante/empresa _____ con DNI/CIF nº _____, representada por _____, respecto da convocatoria de subvencións á produción de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega convocada por Orde do _____ de 2006 (DOG nº _____, _____ de 2006) recibiu a notificación da resolución da conselleira de Cultura e Deporte que lle adxudica un importe de _____ para (modalidade de subvención) _____ do proxecto denominado _____.

Mediante este escrito, cumpro co trámite previsto no artigo 12 da referida convocatoria e perante a Consellería de Cultura e Deporte manifesto expresamente a ACEPTACIÓN da dita subvención, comprometéndome a executar o proxecto subvencionado no prazo e condicións establecidas.

_____, ____ de _____ de 200__

(Sinatura)

CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA

Resolución do 24 de marzo de 2006 pola que se convoca un curso sobre transportes.

Dentro das actividades programadas para o ano 2006 e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, de creación do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, anúnciase a celebración dun curso sobre transportes, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

-Obxectivos: actualizar os membros dos corpos e forzas de seguridade nos coñecementos e normativa necesarios que lles poidan ser útiles no desempeño posterior do seu labor profesional.

-Destinatarios: o curso vai dirixido aos membros dos corpos de policía local da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Inscrición: a inscrición dos participantes será totalmente gratuíta.

-Prazas: 40 prazas.

-Solicitudes:

1. O persoal que desexe participar neste curso deberá presentar, cuberta á máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

2. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 17 de abril de 2006, ás 14.00 horas.

3. As instancias deberán enviarse ao Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, sito na avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada, ou ben poden entregarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

-Datos: o curso realizarase en datas do 24 de abril ao 12 de xuño de 2006 (24 de abril; 3, 8, 15, 22 e 29 de maio e 5 e 12 de xuño) das 10.00 ás 14.00 e das 16.00 ás 19.00 horas, excepto o día 12 de xuño que será das 9.00 ás 14.00 horas, cunha duración de 54 horas lectivas.

-Contido:

1. Ámbito e normativa de aplicación. Clasificación. Títulos habilitantes. Distintivos.

2. Transporte de mercadorías perigosas.

3. Aparello de control tacógrafo. Tempos de condución e descanso.

4. Prestación de servizos: transporte escolar, mercadorías perecedoiras, taxis, etc.

5. Práctica de inspección e procedemento sancionador. Documentos de control.

-Relación de admitidos: a relación de admitidos farase pública o día 20 de abril a partir das 14.00 horas, no taboleiro de anuncios do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, ou ben